

A INFORMACIÓN CULTURAL NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN EN GALICIA

INFORME 2003

Autores:

**SILVIA PARDO DOMÍNGUEZ
MARÍA XOSÉ RODRÍGUEZ BRA
XOSÉ LÓPEZ GARCÍA**



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA**

SECCIÓN DE COMUNICACIÓN
ARQUIVO DE COMUNICACIÓN

Baixo o título de “A información cultural nos medios de comunicación en Galicia” presentamos un informe integrado nun proxecto que está a desenvolver a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega. Este documento engloba os dous estudos que elaborou a Sección ó longo do ano 2003 sobre o discurso cultural dos medios en Galicia co obxectivo de facer unha aproximación, tanto cuantitativa como cualitativa, á información cultural presente nos medios de comunicación que se desenvolven no ámbito territorial de Galicia. Con este traballo inténtase definir a idea de cultura que reflicten os medios galegos, así como o tratamento que recibe este bloque temático.

A metodoloxía de traballo consistiu nun baleirado de contidos dos diferentes medios escritos (prensa tradicional e electrónica) e audiovisuais (radio e televisión) levado a cabo en dúas etapas, a primeira entre o xoves 13 de febreiro e o mércores 2 de abril, e a segunda entre o 5 de setembro e o 23 de outubro. En ámbolos dous casos analizouse un día cada semana.

Os medios consultados foron os seguintes: os xornais Atlántico Diario, Diario de Arousa, Diario de Ferrol, Diario de Pontevedra, El Correo Gallego, El Ideal Gallego, El Progreso, Faro de Vigo, O Correo Galego (sendo substituído na segunda etapa polo diario Galicia Hoxe), La Opinión, La Región e La Voz de Galicia; os xornais dixitais galiciadiario.com, vieiros.com e xornal.com; a Radio Galega e as desconexións para Galicia de Cadena Cope, Cadena Ser, Onda Cero e Radio Nacional de España; Televisión de Galicia, Televisión Española en Galicia e Antena 3 Televisión na súa desconexión para a nosa Comunidade, completan o mapa de medios.

Co fin de descubrir a importancia que lle dan os xornais á información cultural, tras baleirar os contidos sistematizamos as informacións en dúas bases de datos que conteñen un total de 3024 rexistros, repartidos da seguinte maneira: 1520 a correspondente ós meses de febreiro a abril e 1504 a do período de setembro a outubro.

A busca da información cultural nos xornais non se centrou exclusivamente na sección que leva este nome, senón que se analizaron tódalas páxinas dos diarios, incluídas as de Opinión. Polo que respecta á información radiofónica, estudiáronse os programas informativos, xa que analizar os de temática cultural desvirtuaría os resultados da mostra, e polo tanto, o obxectivo do estudo.

É necesario sinalar que entendemos o concepto de cultura nun sentido amplo. É dicir, que se inclúen aquelas informacións nas que se trata a cultura como arte (literatura, pintura, música, cine, teatro...), a cultura como espectáculo (festivais, premios, concertos...), noticias referidas ó patrimonio e a cultura popular (Entroido, mostras de artesanía...), e tamén aquelas referentes á industria cultural ou ás políticas culturais (subvencións, doazóns de libros, actividades de promoción do uso da lingua...).

Unha vez recompilada a información, analizámola en base a cinco eixes que marcan as liñas principais da investigación:

1. A importancia que outorgan os medios á cultura: se aparece ou non en portada ou titulares, cánto espacio lle dedican,...
2. O ámbito xeográfico da información cultural: local, galego, estatal, europeo ou internacional.
3. O tipo de cultura transmiten os medios, cales son os temas predominantes: literatura, artes musicais, cultura popular,...
4. A calidade desa información, como tratan os medios os contidos culturais: cantas fontes utilizan, se están asinadas ou non,...
5. A lingua que escollen á hora de tratar a información cultural, se o galego ou o castelán.

A continuación preséntanse os dous informes detallados sobre o discurso cultural dos medios en Galicia analizando, por separado, os resultados da semana (luns, martes, mércores e xoves) e os da fin de semana (venres, sábado e domingo). O motivo desta distinción é que a maioría dos xornais publican os seus suplementos (onde se atopa gran cantidade de contidos culturais) na fin de semana. Esta é a razón pola que o semanario *A Nosa Terra* será analizado á parte, xa que incluílo cos xornais diarios desvirtuaría o resultado da mostra.

INFORME FEBREIRO - ABRIL 2003

A metodoloxía do traballo consistiu na análise da información cultural publicada ou emitida nos medios galegos durante tódolos días da semana. Para evitar que a mostra estivera contaminada por algún feito puntual, seleccionouse un día da semana de semanas consecutivas. As datas escollidas para realizar o primeiro seguimento cultural do ano 2003 foron: o xoves 13 e o venres 21 de febreiro; o sábado 1, o domingo 9, o luns 17 e o martes 25 de marzo e o mércores 2 de abril de 2003.

Os medios consultados foron os seguintes: os xornais Atlántico Diario, Diario de Arousa, Diario de Ferrol, Diario de Pontevedra, El Correo Gallego, El Ideal Gallego, El Progreso, Faro de Vigo, La Opinión, La Región, La Voz de Galicia e O Correo Galego; os xornais dixitais galiciadiario.com, vieiros.com e xornal.com; as emisoras Cadena Noroeste e Radio Galega, e as desconexións para Galicia de Cadena Cope, Cadena Ser, Onda Cero e Radio Nacional de España; Televisión de Galicia, Televisión Española en Galicia e Antena 3 Televisión na súa desconexión para a nosa Comunidade, completan o mapa de medios.

Tras baleirar os contidos culturais dos medios citados no parágrafo anterior, sistematizáronse as informacións nunha base de datos que contén 1520 rexistros e que analiza os seguintes campos:

Nome do medio, data, espacio/duración, presenza en portada/titulares, sección, tema, xénero, tratamento gráfico (número de fotografías, infografías ou ilustracións), número de fontes, orixe da información, ámbito xeográfico, liña de creto, actualidade, lingua e observacións.

DATOS DA FIN DE SEMANA

VENRES 21 DE FEBREIRO, SÁBADO 1 E DOMINGO 9 DE MARZO DE 2003

1. PRENSA ESCRITA

Os días da fin de semana analizados son o venres 21 de febreiro, sábado 1 de marzo e domingo 9 de marzo de 2003. Nestes tres días recolléronse un total de 610 noticias, case a mesma cantidade que a reunida durante a semana.

Os medios de comunicación galegos enfocan a Cultura preferentemente como Ocio. Este concepto aparece case sempre vencellado a actividades de lecer como ler un libro ou ir ó cine ou ó teatro. Este é un dos motivos polo que a maior parte dos suplementos dos xornais se publican na fin de semana, aumentando así o número de noticias culturais.

Suplementos publicados polos xornais galegos as fins de semana

Venres : *É Venres!* (Diario de Pontevedra), *VISADO* (Faro de Vigo)


Sábado: *Fin de Semana* (El Progreso), *El Sábado* (Faro de Vigo), *FUGAS* (La Voz de Galicia)

Domingo: *La Revista* (Atlántico Diario), *Nordésia* (Diario de Ferrol), *Revista!* (Diario de Pontevedra), *Correo das Culturas* e *Fin de Semana* (El Correo Gallego), *La Galería* (El Ideal Gallego), *Estela* (Faro de Vigo), *El Domingo* (La Opinión), *Vida* (La Región), *Lecer* (O Correo Galego)

*O suplemento cultural *AFA* de O Correo Galego ten unha periodicidade diaria, fins de semana incluídos

Como reflicte o cadro anterior, o domingo é o día no que os xornais publican os seus suplementos, onde se atopan a maioría das noticias culturais e de axenda. Aínda así, a diferenza en canto a volume de noticias con respecto ó venres e ó sábado non é relevante debido á elevada cantidade de informacións relacionadas con cultura que publica o Diario de Pontevedra no seu suplemento *É Venres!* (de 58 noticias culturais publicadas nos suplementos do venres 21 de febreiro de 2003, un total de 28 pertencen a este xornal). Polo que respecta ó sábado, é o suplemento *FUGAS* de La Voz de Galicia o que contén o maior número de rexistros (18 de 47 noticias).


Información cultural da prensa da fin de semana por día



Fonte: Elaboración propia

No que respecta ó volume de noticias culturais publicadas por cada xornal, destacan Diario de Pontevedra (12,9%), Faro de Vigo (12%) e La Voz de Galicia (11,5%).

Información cultural da fin de semana na prensa



Fonte: Elaboración propia

Importancia da cultura na prensa escrita


A principal conclusión que se desprende deste estudio é a pouca relevancia da información cultural na prensa diaria:

-Só nun 2,1% dos casos chegan á portada noticias relacionadas co mundo da cultura. No caso da contraportada, a porcentaxe redúcese ó 1,8%. Aínda que sexan poucas as informacións que chegan á primeira e á última páxina, as que o fan adoitan ir acompañadas de fotografías.

-Aínda que a meirande parte das informacións culturais (un 63%) ocupan menos do 25% da páxina, preto do 60% levan algún tipo de tratamento gráfico, na súa maioría fotografías. Só catro noticias ocupan máis dunha páxina.

-Unha boa parte das noticias son breves que, ou ben non veñen asinados (un 37,5% de todas as informacións analizadas), ou veñen asinados por Redacción (15,9%).


Liña de creto na prensa da fin de semana



Fonte: Elaboración propia

-Os suplementos acaparan boa parte das informacións recollidas na fin de semana, un total do 32,8%. Pero os contidos culturais non se cinguen só ós suplementos ou ás seccións de Cultura e Sociedade, senón que aparecen espallados ó longo de todo o xornal. De feito, a maior parte das noticias culturais encádranse no que denominamos como "Outras", un 38,7%. A maioría delas aparecen nas páxinas reservadas á información local e están relacionadas coas actividades culturais que se desenvolven nos distintos concellos.

Cabe salientar o feito de que baixo o epígrafe de Cultura e Sociedade só se atopan o 15% e o 12,6% das noticias, respectivamente. É a sección de Opinión a que menos contidos culturais recolle, só un 0,8%.

Información cultural da prensa da fin de semana por sección

Fonte: Elaboración propia


Ámbito xeográfico

Á hora de seleccionar a publicación das informacións os xornais priman o criterio de proximidade. Un 41,2% das noticias son locais. Isto débese, en parte, a que a maioría dos diarios galegos están destinados a un público dun área xeográfica concreta:

- Atlántico Diario: Vigo e comarca
- Diario de Arousa: Vilagarcía de Arousa e comarca
- Diario de Ferrol: Ferrol e comarca
- Diario de Pontevedra: Pontevedra e comarca
- El Correo Gallego: Santiago e comarca
- El Ideal Gallego: A Coruña e comarca
- El Progreso: provincia de Lugo
- Faro de Vigo: Vigo e comarca
- La Opinión: A Coruña e comarca
- La Región: provincia de Ourense

A seguinte porcentaxe relevante, un 22,8%, pertence ó ámbito estatal. Cómpre subliñar neste punto que a maioría destas informacións son críticas (de estreos de filmes, de novos libros e publicacións, discos, etc., que superan o ámbito galego). Galicia como comunidade está presente no 21,1% das novas.

Información cultural da fin de semana na prensa por ámbito




Fonte: Elaboración propia

Temática

Á hora de falar de porcentaxes, non existe gran diferenza entre os temas máis frecuentes. Un 17% das informacións culturais tratan sobre temas relacionados coas artes musicais. A maioría son noticias nas que se anuncian ou se fan críticas de actuacións musicais. O seguinte tema máis habitual na prensa na fin de semana é a literatura cun 16%. A maior parte son críticas e reseñas das novidades editoriais. Á literatura séguenlle en número de noticias as artes audiovisuais, as artes plásticas (exposicións de arte en gran parte) e as artes da representación/teatro.

Información cultural da fin de semana na prensa por tema



Fonte: elaboración propia

Calidade


O 62,5% das noticias analizadas non citan nin sequera unha fonte. Isto evidencia a falla de contraste á hora de elaborar os contidos culturais, xa que só o 7,4% das informacións conteñen máis dun punto de vista.

A fonte máis recorrida (un 50,6%) é a que cualificamos como “Individuo”, persoas que non representan a ningunha institución, empresa ou asociación e das que parte a información. A Administración Pública (concellos, Xunta de Galicia, deputacións e Estado), cun 18%, e as diferentes fundacións (Caixa Galicia, Barrié de la Maza, Caixanova e outras) cun 9,6% son, despois de Individuo, as fontes máis utilizadas. Empresas privadas e asociacións tamén protagonizan as informacións nun 7,4% e nun 7%, respectivamente.

O xornalista non especifica a orixe da súa información nun 38% dos casos. Das noticias nas que si aparece especificada, un 38,5% parten do redactor e adoitan ser críticas de filmes, libros, discos,... recollidas nos suplementos. O resto dos contidos proceden de convocatorias (29,5%) ou chegan ós xornais a través das axencias (18,5%).

A noticia é o xénero preferido á hora de tratar os contidos culturais. Un 67% das informacións pertencen a este xénero xornalístico que non ofrece ningún tipo de interpretación. A distancia, cun 15%, sitúase a crítica que ten cabida sobre todo nos suplementos.

Información cultural da fin de semana na prensa por xénero



Fonte: Elaboración propia

Por último, cómpre destacar neste apartado referido á calidade da información cultural, que este tipo de contidos só entran a formar parte do discurso xornalístico galego cando son actuais. Só un 4% dos rexistros non atenden a este criterio de actualidade.

Lingua

Á hora de falar sobre a lingua que escolle a prensa para tratar a información cultural, os xornais decántanse polo castelán para transmitir este tipo de contidos. Só o 30,2% están escritas en galego.

2. PRENSA DIXITAL

Nos tres días de análise (venres 21 de febreiro, sábado 1 de marzo e domingo 9 de marzo de 2003) recellemos un total de 10 noticias nos tres xornais analizados: 4 en vieiros.com, 4 en galiciadiario.com e 2 en xornal.com. A metade dos rexistros aparecen o venres. Isto débese a que vieiros.com non actualiza os contidos durante o sábado e o domingo. Só catro destas noticias chegan á portada e ningunha delas leva fotografía.

Polo que respecta á organización dos contidos, só galiciadiario.com posúe unha sección dedicada á Cultura. En xornal.com, a información cultural está recollida nos epígrafes de Comunicación e Sociedade e en vieiros.com aparece mesturada co resto das informacións xa que segue un criterio territorial e non temático.


Podemos concluír que os xornais dixitais galegos non aproveitan todas as posibilidades que ofrece Internet. Só 4 noticias contan con enlaces externos e ningunha utiliza recursos multimedia nin documentación adicional.

Ó igual que sucede na prensa tradicional, evidénciase unha clara falla de contraste da información. Das dez noticias recollidas só unha cita unha fonte e só en dúas aparece especificada a súa orixe. No referente ó xénero, todas son noticias.

Na prensa dixital aparecen en galego as noticias de vieiros.com (íntegramente en galego) e nos outros predomina o castelán aínda que recollen de vez en cando algunha noticia en galego, pero sen seguir unha liña determinada, dependendo do tema.

A maioría das noticias recollidas neste soporte son obituarios, mortes de persoeiros relacionados coa cultura.

Información cultural da fin de semana na prensa dixital por tema




Fonte: Elaboración propia

3. RADIO

A metade das noticias analizadas da fin de semana están recollidas o venres 21 de febreiro. O motivo é que durante o sábado e o domingo redúcese o número de informativos. Cadena Noroeste, RNE e Onda Cero non emiten estes días a súa desconexión para Galicia. O resto, a SER, a COPE e a Radio Galega si que o fan pero só a mediodía.

A Radio Galega é a emisora con maior número de noticias culturais pero hai que ter en conta que é a canle que máis informativos emite e os que teñen maior duración. Na fin de semana a Radio Galega emite 4 informativos de media hora cada un deles, mentres que, por exemplo, RNE só emite un tamén de 30 minutos.


Información cultural da fin de semana na radio por emisora



Fonte: elaboración propia

Se na radio as noticias máis importantes se sitúan ó comezo do informativo, pódese concluír que a cultura non acada gran valor xa que adoita ir ó final do programa. De todos os xeitos e aínda que vaian ó final, as noticias culturais emitidas son poucas pero relevantes, polo que un 50% das informacións aparecen en titulares e teñen unha duración media de 1'30".

Os temas máis frecuentes na información radiofónica son os relacionados con obituarios e coa cultura popular (coincidencia coa celebración do Entroido).



Fonte: elaboración propia

O 67% das noticias culturais son de ámbito galego xa que a maioría das canles analizadas son emisoras estatais que emiten en Galicia a súa desconexión territorial e tratan principalmente temas que abranguen este ámbito.

Polo que se refire ó tratamento da información, un 50% das noticias analizadas conteñen alomenos unha fonte que normalmente son declaracións de persoas. No 67% dos casos non aparece especificada a orixe da información. Todas as informacións recollidas son noticias ou breves polo que non ofrece ningún tipo de interpretación ou crítica.

Ó contrario do que sucede na prensa, a lingua predominante na información radiofónica é claramente o galego. Un 83% das noticias recollidas están nesta lingua.

4. TELEVISIÓN

Ó igual que ocorre na radio, a maioría das noticias da fin de semana veñen recollidas o venres, xa que o sábado e o domingo só emite a TVG o informativo para Galicia. Nesta mostra non


aparece a TVE-G debido a que non emitiu nestes días ningunha noticia cultural. Das 19 noticias analizadas, 17 pertencen á TVG e 2 a Antena 3 TV-Galicia.

As noticias culturais adoitan ir ó final do informativo, despois dos contidos políticos e económicos, e só o 26% aparece en titulares. A maioría delas, un 47%, teñen unha duración de menos dun minuto.

Cabe subliñar que as datas escollidas para a análise coincidiron tematicamente co desastre do Prestige e co conflito de Irak, o que relegou á Cultura aínda máis, se cabe, a un segundo plano.

O Entroido marcou tamén a información televisiva. O 58% das noticias teñen que ver coa cultura popular. A literatura, as artes musicais, os obituarios e as industrias culturais son os outros temas que teñen cabida no discurso informativo.

Información cultural da fin de semana na televisión por tema



Fonte: elaboración propia

Aínda que o 47% das noticias non citan ningunha fonte, cando o fan contrastan a información e ofrecen dous ou máis puntos de vista. O tipo de fonte máis recorrido é a cualificada como "individuo", un 70%.

A pesar de que a televisión ofrece a posibilidade da participación directa do xornalista (presencia do redactor en cámara) na noticia, só se aproveita este recurso nunha das 19 noticias analizadas.

Ó ser canles de emisión autonómica, o ámbito de cobertura destas noticias é, principalmente, Galicia.

En canto á lingua empregada, aparecen en castelán as noticias de Antena 3 TV-Galicia e en galego as da TVG.

DATOS DA SEMANA


XOVES 13 FEBREIRO, LUNS 17 E MARTES 25 DE MARZO, E MÉRCORES 2 DE ABRIL

1. PRENSA ESCRITA

O semanario A Nosa Terra é a publicación que contén a maior porcentaxe de información cultural nas súas páxinas con respecto ó total dos contidos culturais publicados na prensa galega. Cómpre subliñar que este medio non está sometido, como o resto, á estricte actualidade do día a día xa que recolle noticias para unha semana enteira.

Séguenlle, de lonxe, en número de informacións El Progreso cun 8,3% e O Correo Galego e o Diario de Pontevedra cun 8% cada un deles.

Información cultural da semana na prensa



Fonte: elaboración propia


O xoves é o día da semana no que os xornais publican máis noticias culturais e o luns o que menos, xa que aumenta o número de páxinas dedicadas á información deportiva. Isto provoca unha diminución de contidos e de planas no resto das seccións sendo as páxinas de local as máis afectadas. A medida que se achega a fin de semana vai en aumento cantidade de información cultural que publican os diarios e tamén é cando aparecen os suplementos semanais:

Suplementos publicados polos xornais galegos durante a semana

Mércores: *Correo da Universidade* (El Correo Gallego/O Correo Galego), *Eureka!* (Diario de Pontevedra) e *Campus* (El Progreso)

Xoves: *Faro da Cultura* (Faro de Vigo) e *Universitas* (Atlántico Diario e La Región)

*O suplemento cultural AFA de O Correo Galego ten unha periodicidade diaria

Información cultural da prensa da semana por día

Fonte: Elaboración propia

Importancia da cultura na prensa escrita

A principal conclusión que se desprende deste estudo é que a cultura non desenvolve un papel preponderante no discurso xornalístico galego:


-Só nun 3% dos casos chegan á portada e noutro 3% á contraportada noticias culturais. A maioría van acompañadas de fotografía, sobre todo as da contraportada, un 84% dos casos.

-O 65,4% das informacións ocupan menos do 25% do espacio da plana. Son moi poucas as noticias que superan a metade da páxina, un 18%.

-O 55% das noticias levan algún tipo de tratamento gráfico, principalmente fotografías. Só hai 7 casos nos que se combine a fotografía con ilustracións ou con infografías.


-Á hora de asinar as informacións, encontramos importantes diferencias entre A Nosa Terra e os xornais diarios. No semanario veñen asinadas polo xornalista o 52% das noticias mentres que nos diarios esta porcentaxe se reduce ata un 29%. Cómpre subliñar que en A Nosa Terra non aparece ningunha información cultural de axencia.

Liña de creto na prensa da semana



Fonte: Elaboración propia


Liña de creto en A Nosa Terra



Fonte: Elaboración propia

A distribución dos contidos culturais a través das distintas seccións dos xornais configúranse de forma distinta nos diarios e en A Nosa Terra. Nos diarios é a categoría denominada como “Outras” a que engloba a maior porcentaxe cun 51,2% dos contidos publicados. As páxinas locais dos diarios vencellados a unha determinada área xeográfica inciden de xeito directo nesta elevada porcentaxe. Baixo o epígrafe de Cultura atópanse máis do 16% das noticias analizadas.


Información cultural da prensa da semana por sección



Fonte: elaboración propia

Como reflicte o seguinte gráfico, en A Nosa Terra os contidos culturais concéntranse na sección de Cultura, un 76,7% se atopan baixo este epígrafe.

Información cultural de A Nosa Terra por sección




Fonte: elaboración propia

Ámbito xeográfico

O criterio de proximidade marca tamén a información cultural semanal na prensa galega. Agás La Voz de Galicia e O Correo Galego, cada xornal cubre un área xeográfica concreta.


Información cultural da semana por ámbito



Fonte: elaboración propia

Sen embargo, A Nosa Terra abrangue un área xeográfica máis ampla. Está dirixido ó público galego en xeral polo que o 76,2% das noticias cobren este ámbito. Esta elevada porcentaxe débese a que as críticas que recolle este semanario son, na súa maioría, de novidades editoriais e discográficas publicadas en Galicia.


Información cultural de A Nosa Terra por ámbito



Fonte: elaboración propia

Temática


Ó igual que acontece durante a fin de semana, o tema máis frecuente na información cultural son as noticias relacionadas coas artes musicais. A literatura ocupa o segundo lugar cun 12,5% dos contidos dedicados a ela.



Fonte: Elaboración propia

En A Nosa Terra sobresaee claramente a literatura cun 42,4% das informacións. Este semanario adoita dedicar varias páxinas a facer críticas, entrevistas, reseñas, etc., relacionadas co universo literario galego. A moita distancia séguenlle os obituarios cun 9,3%, as artes musicais cun 7,5% e os premios cun 7%. O resto dos temas aparecen moi repartidos.

Información cultural de A Nosa Terra por tema



Fonte: Elaboración propia

Calidade

A porcentaxe de noticias que conteñen algún tipo de fonte aumenta con respecto á da fin de semana. Un 53,3% posúen alomenos unha fonte especificada, sen embargo, só nun 7,4% dos casos a información ven contrastada con máis dun punto de vista.

En canto o tipo de fontes empregadas, o mapa débúxase do seguinte xeito: individuo (49,1%); Administración (20,5%); empresa privada (8,6%); fundacións (6,2%); asociacións (5,9%) e outros (9,7%).


O tratamento da información en A Nosa Terra varía con respecto ó dos diarios. O 61% das noticias non citan ningunha fonte; o 32,5% só teñen unha e o 9,9% máis de dúas. O "individuo" é tamén o tipo de fonte máis empregada nesta publicación, nun 67% dos casos.

O 52,3% das noticias publicadas non especifican a vía pola que chegaron ós xornais. Un 15,7% das informacións proveñen de axencias e un 14,4% de convocatorias. O xornalista é o creador da información nun 11% dos casos e emprega fontes propias (entrevistas) para elaborar o 6,2% dos contidos.

O 47,7% das noticias de A Nosa Terra teñen como orixe ó propio xornalista. Trátase basicamente de críticas. No 12,8% dos casos recorre a fontes propias. Cabe destacar que non hai rexistrada ningunha noticia de axencia.

Con diferencia, a noticia é o xénero máis empregado para transmitir a información cultural nos diarios (79,4%).


Información cultural da semana na prensa por xénero



Fonte: Elaboración propia

No caso de A Nosa Terra non é tan evidente o predominio da noticia (un 36%). A crítica séguelle de preto cun 25,6% das informacións.

Información cultural de A Nosa Terra por xénero



Fonte: Elaboración propia

Lingua

A lingua predominante na prensa diaria é o castelán, cun 75,6%. Cómpre recordar aquí que O Correo Galego é o único diario escrito completamente en galego. O semanario A Nosa Terra ten o 100% das súas noticias escritas nesta lingua.


2. PRENSA DIXITAL

Nos catro días semanais de análise recolleemos un total de 20 noticias culturais nos tres portais analizados, distribuídas do seguinte xeito:

- Xoves 13 de febreiro: 4 noticias en galiciadiario.com e 1 en vieiros.com
- Luns 17 de marzo: 2 noticias de galiciadiario.com e 3 de vieiros.com
- Martes 25 de marzo: 2 de galiciadiario.com e 1 de vieiros.com
- Mércores 2 de abril: 2 de galiciadiario.com, 2 de vieiros.com e 3 de xornal.com

O 55% das noticias aparecen en portada pero ningunha delas leva fotografía. En canto ó aproveitamento das posibilidades que ofrece a rede, podemos apuntar que ningún dos tres xornais emprega, nas noticias analizadas, recursos multimedia e só o 30% delas posúe enlaces externos.

No referente á temática, destacan unha vez máis os obituarios cun 15%. Tamén nesta porcentaxe aparecen noticias relacionadas coas artes audiovisuais e a industria cultural.




Fonte: Elaboración propia

O xornalista que elabora a información dixital non especifica a orixe das súas informacións nun 90% dos casos e só cita máis dunha fonte nun 15%.

3. RADIO

Dun total de 13 noticias recollidas durante a semana, 6 foron emitidas o mércores día 2 de abril, o que supón unha porcentaxe do 46,1%. A coincidencia da celebración do Día do Libro Infantil e Xuvenil e a morte de Terenci Moix provocaron un aumento das informacións culturais neste día.


Información cultural da radio na semana por día



Fonte: elaboración propia

A canle que emite maior número de contidos culturais é RNE, cun 38,5%. Séguelle a COPE cun 23% e a Radio Galega cun 15,4%. O 53,8% das noticias foron emitidas na franxa horaria do mediodía, mentres que os informativos da tarde recollen o 46,2%.


Información cultural da radio na semana por emisora



Fonte: elaboración propia

Ó igual que sucede na fin de semana, as poucas informacións culturais que emiten as emisoras son o suficientemente relevantes para aparecer en titulares, de feito isto ocorre no 61,5% dos casos.

Case a metade das noticias radiofónicas teñen unha duración de máis de minuto e medio. Un 30,8% non chegan a un minuto e entre minuto e minuto e medio sitúanse o 23% das informacións. As diferentes áreas temáticas presentes na información radiofónica repártense equitativamente como amosa o seguinte cadro:



Fonte: Elaboración propia

A diferenza do que ocorre a fin de semana na que a maioría das noticias son de ámbito galego, nas analizadas durante a semana o ámbito máis frecuente é o estatal, cun 46,1%. Galicia como comunidade está presente no 30,8% dos casos. O resto das noticias son locais.

A información radiofónica é a máis contrastada. Un 84,6% conta con alomenos unha fonte e o 36,7% presenta dous ou máis puntos de vista. No 61,5% dos casos non ven especificada a orixe da información.


O xénero predominante é a noticia, nun 84,6%.

A lingua máis empregada é o galego, só están en castelán o 15,4% das noticias.

4. TELEVISIÓN

A TVG é a canle que máis tempo lle dedica á información cultural en Galicia emitindo o 48,4% dos contidos analizados. Séguelle TVE-Galicia cun 38,7% e Antena 3 TV-Galicia cun 12,9%. Hai que ter en conta que as dúas primeiras canles emiten dous informativos ó día (ó mediodía e pola tarde) e Antena 3 TV só conta cunha desconexión territorial de 20 minutos ó mediodía.

Información cultural da televisión na semana por emisora




Fonte: elaboración propia

As noticias analizadas distribúense de xeito equilibrado entre os catro días de análise. Agás o martes 25 de marzo, no resto dos días analizados recolleemos 9 rexistros por cada un deles.

Ó contrario que na radio, as noticias culturais non adoitan ir en titulares. Só un 25,8% aparece no sumario das informacións con maior relevancia. O outro dato que evidencia a pouca importancia dos contidos culturais en televisión é que o 51,6% das noticias teñen unha duración inferior a un minuto.

A literatura é o tema máis frecuente na información televisiva cun 25,8%. Isto débese a que a TVG emite a diario dúas críticas literarias, unha no informativo do mediodía e outra no da tarde. A continuación sitúanse as artes da representación cun 16,1% e as políticas culturais cun 12,9%.

Información cultural na televisión na semana por tema




Fonte: Elaboración propia

Máis da metade das informacións culturais (58%) citan as súas fontes, que aparecen en pantalla facendo declaracións no 51,6% dos casos. As fontes máis habituais destes contidos son: Individuo (32,2%) e Administración (22,6%).

Os contidos culturais preséntanse nos telexornais baixo o formato de noticia cunha porcentaxe do 58%, a crítica cun 19,3%, as colas cun 19,3% e a reportaxe cun 3,2%. Cómpre salientar a presenza da crítica, único xénero interpretativo presente nesta análise debido ó microespacio dedicado á literatura da TVG mencionado con anterioridade.

Información cultural da televisión na semana por xénero



Fonte: elaboración propia

Galicia aparece como primeiro ámbito de referencia cun 67,7% das informacións. Séguenlle España cun 16,1% e local cun 9,7%.

Só aparecen en castelán as noticias culturais emitidas por Antena 3 TV-Galicia, o que supón o 12,9% dos contidos.

INFORME SETEMBRO - OUTUBRO 2003

As datas escollidas para realizar o segundo seguimento do ano foron: venres 5, sábado 13, domingo 21 e luns 29 de setembro, martes 7, mércores 15 e xoves 23 de outubro.

Os medios consultados foron os seguintes: os xornais Atlántico Diario, Diario de Arousa, Diario de Ferrol, Diario de Pontevedra, El Correo Gallego, El Ideal Gallego, El Progreso, Faro de Vigo, Galicia Hoxe, La Opinión, La Región e La Voz de Galicia; os xornais dixitais galiciadiario.com, vieiros.com e xornal.com; a Radio Galega e as desconexións para Galicia de Cadena Cope, Cadena Ser, Onda Cero e Radio Nacional de España; Televisión de Galicia, Televisión Española en Galicia e Antena 3 Televisión na súa desconexión para a nosa Comunidade, completan o mapa de medios.

Co fin de descubrir a importancia que lle dan os xornais á información cultural, tras baleirar os contidos sistematizamos as informacións nunha base de datos que contén 1504 rexistros e que analiza os seguintes campos:

Nome do medio, data, espazo/duración, presenza en portada/titulares, sección, xénero, tema e tipo de acto, tratamento gráfico, número de fontes, orixe da información, ámbito xeográfico, liña de creto, actualidade, lingua e observacións.

Desta volta introducíronse algúns cambios na base para concretar determinados aspectos como a división do campo de tema en dous campos diferentes: tema e tipo de acto. Considerouse necesaria facer esta precisión para evitar confusións no caso de noticias que puidesen estar incluídas en varias categorías temáticas como sucedeu durante o seguimento anterior. Este é o caso, por exemplo, das entregas de premios de cine, que entran na categoría de premio e na de artes audiovisuais. Con esta nova división, o tema sería Artes Audiovisuais e o tipo de acto sería Premio.

Incluíronse os breves como xénero a parte da noticia, distinción non contemplada no anterior seguimento a pesar da súa importante presenza na prensa. Tamén se analizaron as reseñas como xénero diferente da crítica.

DATOS DA FIN DE SEMANA

VENRES 5, SÁBADO 13 E DOMINGO 21 DE SETEMBRO DE 2003

1. PRENSA ESCRITA

Os días da fin de semana analizados son o venres 5, sábado 13 e domingo 21 de setembro de 2003. Nestes tres días recolléronse un total de 708 noticias, unha cantidade elevada se a comparamos coas 632 recompiladas durante os catro días da semana.

Os medios de comunicación galegos enfocan a Cultura preferentemente como Ocio. Este concepto aparece case sempre vinculado a actividades de lecer como ler un libro ou ir ó cine ou ó teatro. Este é un dos motivos polo que a maior parte dos suplementos dos xornais se publican na fin de semana, aumentando así o número de noticias culturais.

Suplementos publicados polos xornais galegos as fins de semana

Venres: *É Venres!* (Diario de Pontevedra), *VISADO* (Faro de Vigo) e *Hoxe Venres* (Galicia Hoxe), *De Marcha* (El Progreso) e *FUGAS* (La Voz de Galicia).

Sábado: *Fin de Semana* (El Progreso), *El Sábado* (Faro de Vigo), *Crónicas! De Fin de Semana* (Diario de Pontevedra), *Saberes* (La Opinión), *Arousa, un mar de culturas* (Diario de Arousa).


Domingo: *La Revista* (Atlántico Diario), *Nordésia* (Diario de Ferrol), *Revista!* (Diario de Pontevedra), *Correo das Culturas*, *(Sobre)Vivir* e *Fin de Semana* (El Correo Gallego), *La Galería* (El Ideal Gallego), *El Domingo* (La Opinión), *Vida* (La Región e Atlántico Diario), *Lecer* (Galicia Hoxe), *Gente* (El Progreso), *Los Domingos de la Voz* (La Voz de Galicia).

*Neste cadro recolléronse só suplementos que contiñan noticias culturais durante o día da mostra. Por exemplo, aínda que Faro de Vigo publica tódolos domingos o suplemento *Estela*, non aparece na listaxe porque durante o día de análise non se atoparon noticias relacionadas coa cultura.

O domingo é o día no que a maioría dos xornais analizados publican os seus suplementos, onde se atopan a maioría das noticias culturais e de axenda. Aínda así, a diferenza en canto a volume de noticias en suplemento con respecto ó venres non é relevante, 89 rexistros o domingo e 84 o venres. O motivo podería ser que nos suplementos dos venres se recolle a axenda cultural para toda a fin de semana (estreas de cine, concertos, exposicións, etc.).

Deixando de lado as informacións culturais dos suplementos, o día que máis noticias se atoparon é o venres, un 40.4 %.


Información cultural da prensa da fin de semana por día



Fonte: Elaboración propia

No que respecta ó volume de noticias culturais publicadas por cada xornal, destacan El Correo Gallego (11,1%), Diario de Pontevedra (10,9%) e El Progreso (10,7%).

Información cultural da fin de semana na prensa



Fonte: Elaboración propia

Importancia da cultura na prensa escrita


A principal conclusión que se desprende deste estudio é a pouca relevancia da información cultural na prensa diaria:

-Só nun 2,1% dos casos chegan á portada noticias relacionadas co mundo da cultura. No caso da contraportada, a porcentaxe aumenta ata o 2,8%.

-Aínda que a meirande parte das informacions culturais (un 59,9%) ocupan menos do 25% da páxina, preto do 65,9% levan algún tipo de tratamento gráfico, na súa maioría fotografías. Só unha noticia ocupa máis dunha páxina.

-Unha boa parte das noticias son breves que, ou ben non veñen asinados (un 36,4% de todas as informacións analizadas), ou veñen asinados por Redacción (13,3%).


Liña de creto na prensa da fin de semana



Fonte: Elaboración propia

-Os suplementos acaparan boa parte das informacións recollidas na fin de semana, un total do 31,4%. Pero os contidos culturais non se cinguen só ós suplementos ou ás seccións de Cultura e Sociedade, senón que aparecen espallados ó longo de todo o xornal. De feito, a maior parte das noticias culturais aparecen nas páxinas reservadas á información local (un 24,6%) e están relacionadas coas actividades culturais que se desenvolven nos distintos concellos.

Cabe salientar o feito de que baixo o epígrafe de Cultura só se atopa o 9,3% das noticias. Algúns xornais, como por exemplo Faro de Vigo, agrupan as informacións de Sociedade e Cultura na mesma sección, un 7,6 % dos casos. As páxinas de Opinión son as que menos contidos culturais recollen, só un 2,7%.

Información cultural da prensa da fin de semana por sección

Fonte: Elaboración propia


Ámbito xeográfico

Á hora de seleccionar a publicación das informacións os xornais priman o criterio de proximidade. Un 41% das noticias son locais. Isto débese, en parte, a que a maioría dos diarios galegos están destinados a un público dun área xeográfica concreta:

- Atlántico Diario: Vigo e comarca
- Diario de Arousa: Vilagarcía de Arousa e comarca
- Diario de Ferrol: Ferrol e comarca
- Diario de Pontevedra: Pontevedra e comarca
- El Correo Gallego: Santiago e comarca
- El Ideal Gallego: A Coruña e comarca
- El Progreso: provincia de Lugo
- Faro de Vigo: Vigo e comarca
- La Opinión: A Coruña e comarca
- La Región: provincia de Ourense

A seguinte porcentaxe relevante, un 21%, pertence ó ámbito estatal. Cómpre subliñar neste punto que case a metade destas informacións son críticas de estreas de filmes, de novos libros e publicacións, discos, etc., que superan o ámbito galego. Galicia como comunidade está presente no 16,4% das novas.

Información cultural da fin de semana na prensa por ámbito




Fonte: Elaboración propia

Temática

Á hora de falar de porcentaxes, non existe gran diferenza entre os temas máis frecuentes. Un 28,4% das informacións culturais tratan sobre temas relacionados coas artes musicais. A maioría son noticias nas que se anuncian ou se fan críticas de actuacións musicais. O seguinte tema máis habitual na prensa na fin de semana son as artes audiovisuais cun 16,1%. A maior parte son críticas e reseñas das novidades cinematográficas. Ás artes audiovisuais séguenlle en número de noticias as artes plásticas (exposicións de arte en gran parte) e a literatura.

Información cultural da fin de semana na prensa por tema




Fonte: elaboración propia

Relacionado cos temas máis habituais nas noticias culturais está o tipo de acto que fai posible que unha actividade cultural sexa noticia. As artes ou a literatura adoitan chegar ós medios a

través dalgún tipo de acto concreto, como unha presentación, o comezo ou remate dunha exposición ou un concerto.

Información cultural da fin de semana na prensa por tipo de acto



Fonte: elaboración propia

Calidade


O 48,3% das noticias analizadas non citan nin sequera unha fonte. Isto evidencia a falla de contraste á hora de elaborar os contidos culturais, xa que só o 9,2% das informacións conteñen máis dun punto de vista.

A fonte máis recorrida (un 51,9%) é a que cualificamos como "Individuo", persoas que non representan a ningunha institución, empresa ou asociación e das que parte a información. A Administración Pública (concellos, Xunta de Galicia, deputacións e Estado), cun 16,7%, e as asociacións cun 11,5% son, despois de "Individuo", as fontes máis utilizadas.

O xornalista non especifica a orixe da súa información nun 38,1% dos casos. Das noticias nas que si aparece especificada, un 33,1% parten do redactor e adoitan ser críticas de filmes, libros, discos,... recollidas nos suplementos. O resto dos contidos proceden de convocatorias (28,3%) ou chegan ós xornais a través das axencias (18,5%).

A noticia e o breve, cun 45,2% e un 17,6% respectivamente, son os xéneros preferidos á hora de tratar os contidos culturais. En total 445 informacións pertencen a estes xéneros xornalísticos que non ofrecen ningún tipo de interpretación. A distancia, cun 8,2%, sitúase a crítica que ten cabida sobre todo nos suplementos.

Información cultural da fin de semana na prensa por xénero



Fonte: Elaboración propia

Por último, cómpre destacar neste apartado referido á calidade da información cultural, que este tipo de contidos só entran a formar parte do discurso xornalístico galego cando son actuais.

Lingua

Á hora de falar sobre a lingua que escolle a prensa para tratar a información cultural, os xornais decántanse polo castelán para transmitir este tipo de contidos. Só o 26,7% están escritas en galego.

2. PRENSA DIXITAL

Nos tres días de análise (venres 5, sábado 13 e domingo 21 de setembro de 2003) recolleemos un total de 5 noticias nos tres xornais analizados: 1 en vieiros.com e 4 en xornal.com. Só unha destas noticias chegou á portada e ningunha delas leva fotografía.

Polo que respecta á organización de contidos, en xornal.com, a información cultural está recollida nos epígrafes de Comunicación e Sociedade e en vieiros.com aparece mesturada co resto das informacións xa que segue un criterio territorial e non temático. Galiciadiario.com recolle na mesma sección as noticias de Sociedade e de Cultura, aínda que nos días da fin de semana analizados non se atopou ningunha información cultural.

Podemos concluír que os xornais dixitais galegos non aproveitan todas as posibilidades que ofrece Internet. Só 2 noticias contan con enlaces externos, 1 ofrece documentación adicional e ningunha utiliza recursos multimedia.

No que respecta á calidade da información (número de fontes e contraste, orixe da noticia e xénero), á temática e ó ámbito xeográfico é difícil tirar conclusións xa que a mostra é demasiado pequena.

En canto á lingua empregada cómpre subliñar que *vieiros.com* emprega sempre o galego nas súas informacións mentres que *xornal.com* redacta en galego ou en castelán dependendo do tema do que trate a noticia. Dos 4 rexistros recollidos neste diario dixital durante os tres días de análise, 3 están escritas en galego.

3. RADIO

Ó igual que ocorre coa prensa dixital, é imposible tirar conclusións porque nos días analizados da fin de semana só se atoparon dous rexistros, unha noticia emitida o venres día 5 por RNE e outra emitida pola radio galega o domingo 21.

4. TELEVISIÓN

A maioría das noticias da fin de semana foron emitidas o venres (57,1%), xa que o sábado e o domingo só emite a TVG o informativo para Galicia. Cómpre destacar que os 7 rexistros recompilados pertencen á canle autonómica xa que nin Antena 3 Televisión nin a TVE na súa desconexión para Galicia emitiron ningunha noticia referida a cultura durante o venres día 5.

As noticias culturais adoitan ir ó final do informativo, despois dos contidos políticos e económicos, e só 1 das informacións aparece destacada en titulares. No que respecta á duración, na mostra analizada 4 das noticias teñen unha duración superior ó minuto e medio.

No referente á temática das noticias culturais emitidas por televisión na fin de semana pódese dicir que non hai ningún tema que destaque especialmente. Dos sete rexistros, dous recollen noticias referidas ás artes musicais e o resto están repartidos entre diferentes categorías temáticas.

Aínda que a gran maioría das noticias analizadas, o 83,7%, citan alomenos 1 fonte, a información só aparece contrastada dende diferentes puntos de vista nun 14,3% dos casos. O tipo de fonte máis recorrido é a cualificada como "individuo", un 57,1%.

A pesar de que a televisión ofrece a posibilidade da participación directa do xornalista (presencia do redactor en cámara) na noticia, só se aproveita este recurso nunha das 7 noticias analizadas.

Ó ser a TVG a única canle que emitiu contidos culturais, tódalas noticias están en galego.

DATOS DA SEMANA


LUNS 29 DE SETEMBRO, MARTES 7, MÉRCORES 15 E XOVES 23 DE OUTUBRO

1. PRENSA ESCRITA

O semanario A Nosa Terra é a publicación que contén a maior porcentaxe de información cultural nas súas páxinas con respecto ó total dos contidos culturais publicados na prensa galega. Cómpre subliñar que este medio non está sometido, como o resto, á estricta actualidade do día a día xa que recolle noticias para unha semana enteira.

En canto ós diarios, os que máis noticias culturais recollen son Diario de Pontevedra cun 12,2% e La Voz de Galicia cun 11,7%.

Información cultural da semana na prensa




Fonte: elaboración propia

O mércores é o día da semana no que os xornais publican máis noticias culturais e o luns o que menos, xa que aumenta o número de páxinas dedicadas á información deportiva. Isto provoca unha diminución de contidos e de planas no resto das seccións sendo as páxinas de local as máis afectadas. A medida que se achega a fin de semana vai en aumento cantidade de información cultural que publican os diarios e tamén é cando aparecen os suplementos semanais:

Suplementos publicados polos xornais galegos durante a semana

Mércores: *Eureka! Investigación* (Diario de Pontevedra)

Xoves: *Faro da Cultura* (Faro de Vigo) e *Universitas* (Atlántico Diario e La Región)

Información cultural da prensa da semana por día

Fonte: Elaboración propia

Importancia da cultura na prensa escrita

A principal conclusión que se desprende deste estudo é que a cultura non desenvolve un papel preponderante no discurso xornalístico galego:


-Só nun 1,7% dos casos chegan á portada e noutro 3% á contraportada noticias culturais. A maioría van acompañadas de fotografía, sobre todo as da contraportada, un 57,9% dos casos.

-O 71% das informacións ocupan menos do 25% do espazo da plana. Son moi poucas as noticias que superan a metade da páxina, un 10,9%.

-O 50,8% das noticias levan algún tpo de tratamento gráfico, principalmente fotografías. Só hai 1 caso no que se combine a fotografía coa ilustración.


-Á hora de asinar as informacións, encontramos importantes diferencias entre A Nosa Terra e os xornais diarios. No semanario veñen asinadas polo xornalista o 60,7% das noticias mentres que nos diarios esta porcentaxe se reduce ata un 28,5%. Cómpre subliñar que en A Nosa Terra non aparece ningunha información cultural de axencia.

Liña de creto na prensa da semana



Fonte: Elaboración propia


Liña de creto en A Nosa Terra



Fonte: Elaboración propia

A distribución dos contidos culturais a través das distintas seccións dos xornais configúranse de forma distinta nos diarios e en A Nosa Terra. Nos diarios son as páxinas locais as que engloban a maior porcentaxe cun 34,2% dos contidos publicados. Baixo o epígrafe de Cultura atópanse o 14,7% das noticias analizadas.


Información cultural da prensa da semana por sección



Fonte: elaboración propia

Como reflicte o seguinte gráfico, en A Nosa Terra os contidos culturais concéntranse na sección de Cultura, un 61,6% se atopan baixo este epígrafe.

Información cultural de A Nosa Terra por sección




Fonte: elaboración propia

Ámbito xeográfico

O criterio de proximidade marca tamén a información cultural semanal na prensa galega. Agás La Voz de Galicia e Galicia Hoxe, cada xornal cubre unha área xeográfica concreta.


Información cultural da semana por ámbito



Fonte: elaboración propia

Sen embargo, A Nosa Terra abrangue unha área xeográfica máis ampla. Está dirixido ó público galego en xeral polo que o 76,2% das noticias cobren este ámbito. Esta elevada porcentaxe débese a que as críticas que recolle este semanario son, na súa maioría, de novidades editoriais e discográficas publicadas en Galicia.


Información cultural de A Nosa Terra por ámbito



Fonte: elaboración propia


Temática

Ó igual que acontece durante a fin de semana, o tema máis frecuente na información cultural son as noticias relacionadas coas artes musicais. A literatura ocupa o segundo lugar cun 16,3% dos contidos dedicados a ela.



Fonte: Elaboración propia


Ó igual que ocorre na fin de semana, os tipos de acto máis frecuentes son os espectáculos relacionados coas artes musicais e as artes da representación e as exposicións relacionadas coas artes plásticas e a fotografía. Literatura, artes musicais e artes audiovisuais adoitan ir vencellados a entregas de premios e presentacións de libros, discos ou filmes.



Fonte: elaboración propia


En A Nosa Terra sobresaee claramente a literatura cun 33,5% das informacións. Este semanario adoita dedicar varias páxinas a facer críticas, entrevistas, reseñas, etc., relacionadas co universo literario galego. A moita distancia séguenlle as artes musicais cun 15,2%, os obituarios cun 8,5% e os premios cun 7%. O resto dos temas aparecen moi repartidos. No referente ó tipo de acto, non se atoparon variacións relevantes en comparación coa prensa diaria.

Información cultural de A Nosa Terra por tema



Fonte: Elaboración propia

Información cultural de A Nosa Terra por tipo de acto



Fonte: elaboración propia

Calidade

A porcentaxe de noticias que conteñen algún tipo de fonte diminúe un punto con respecto á fin de semana, un 50,3% posúen alomenos unha fonte especificada. Sen embargo, cabe salienta

que a cantidade de noticias contrastadas con máis dun punto de vista aumenta do 9,2% da fin de semana ata un 16%.

En canto o tipo de fontes empregadas, o mapa débuxase do seguinte xeito: individuo (57,9%); Administración (17,9%); asociacións (8,5%) e empresas privadas (4%).


O tratamento da información en A Nosa Terra varía con respecto ó dos diarios. O 56,7% das noticias non citan ningunha fonte; o 31,7% só teñen unha e o 11,5% máis de dúas. O "Individuo" é tamén o tipo de fonte máis empregada nesta publicación, nun 66,2% dos casos.

O 41,6% das noticias publicadas non especifican a vía pola que chegaron ós xornais. Un 21,5% das informacións proveñen de convocatorias e un 18,8% de axencias. O xornalista é o creador da información nun 10,1% dos casos e emprega fontes propias (entrevistas) para elaborar o 6,6% dos contidos.

O 49,4% das noticias de A Nosa Terra teñen como orixe ó propio xornalista. Trátase basicamente de críticas. No 11,6% dos casos recorre a fontes propias. Cabe destacar que non hai rexistrada ningunha noticia de axencia.

Con diferenza, as noticias e os breves son os xéneros máis empregados para transmitir a información cultural nos diarios (77,9%).

Información cultural da semana na prensa por xénero




Fonte: Elaboración propia

No caso de A Nosa Terra non é tan evidente o predominio da noticia (un 25,6%). Os artigos de opinión e a crítica séguenlle de preto cun 16,5% e un 15,8% das informacións. É relevante a

cantidade de artigos de opinión rexistrados neste semanario, un 11,3% máis que nos diarios. Isto débese a que os días de seguimento coincidiron coas mortes de persoeiros da cultura galega como Borobó ou Domingo García-Sabell. Convén destacar tamén o elevado número tanto de críticas como de reportaxes, un 15,8% cada un dos xéneros. O feito de que A Nosa Terra sexa un semanario e non estea sometido á unha actualidade estricita, permite a elaboración de contidos que precisan de maior reflexión e interpretación que a noticia.

Información cultural de A Nosa Terra por xénero



Fonte: Elaboración propia

Lingua

A lingua predominante na prensa diaria é o castelán, cun 76,1%. Cómpre recordar aquí que Galicia Hoxe é o único diario escrito completamente en galego. O semanario A Nosa Terra ten o 100% das súas noticias escritas nesta lingua.

2. PRENSA DIXITAL


Nos catro días semanais de análise recolleemos un total de 18 noticias culturais nos tres portais analizados, distribuídas do seguinte xeito:

- Luns 29 de setembro: 1 noticia de galiciadiario.com, 1 de xornal.com e 7 de vieiros.com
- Martes 7 de outubro: 1 de xornal.com e 1 de vieiros.com
- Mércores 15 de outubro: 4 de vieiros.com
- Xoves 23 de outubro: 1 de xornal.com e 2 en vieiros.com

O 83,3% das noticias aparecen en portada pero ningunha delas leva fotografía. Cómpre sinalar que tódolos rexistros de vieiros.com, un 77,8% do total, están presentes na portada, xa que este portal non está estruturado nas seccións temáticas tradicionais.

En canto ó aproveitamento das posibilidades que ofrece a rede, podemos apuntar que ningún dos tres xornais emprega, nas noticias analizadas, recursos multimedia aínda que o 61,1% delas posúe enlaces externos e o 38,9 ofrece a posibilidade de consultar documentación interna.

No referente á temática, non destaca un tema en concreto como queda reflectido no gráfico seguinte.




Fonte: Elaboración propia

O xornalista que elabora a información dixital non especifica a orixe das súas informacións nun 72,2% dos casos e en ningún caso cita máis dunha fonte. O 100% dos rexistros analizados son noticias. En canto á lingua, están redactadas en galego as informacións de vieiros.com e en castelán as dos outros dous xornais.

3. RADIO

Dun total de 14 noticias recollidas durante a semana, 5 foron emitidas o mércores día 15 de outubro, o que supón unha porcentaxe do 35,8%.


Información cultural da radio na semana por día



Fonte: elaboración propia

A canle que emite maior número de contidos culturais é RNE, cun 57,1%. Séguelle a Radio Galega cun 35,7%. O 85,7% das noticias foron emitidas na franxa horaria do mediodía, mentres que os informativos da tarde recollen só o 14,3%.

Información cultural da radio na semana por emisora




Fonte: elaboración propia

As poucas informacións culturais que emitiron nos días de estudo as emisoras non foron o suficientemente relevantes para aparecer en titulares.

Máis da metade das noticias radiofónicas teñen unha duración de menos dun minuto, un 57,1%. Un 28,6% duran máis de minuto e medio e só un 14,3% se sitúa entre o minuto e o minuto e medio. Cómpre destacar que foron rexistradas 3 noticias de máis de 2 minutos de duración.

As diferentes áreas temáticas presentes na información radiofónica repártense equitativamente como amosa o seguinte cadro:



Fonte: Elaboración propia

Nas noticias analizadas durante a semana o ámbito máis frecuente é Galicia como comunidade, cun 50%. O 21,4% dos casos recollen noticias locais e o resto dos rexistros refírense a acontecementos de ámbito estatal e internacional.

Un 50% conta con alomenos unha fonte e o 21,4% presenta dous puntos de vista. No 50% dos casos non ven especificada a orixe da información e no outro 50% as noticias proceden de convocatorias. O xénero predominante é a noticia, nun 57,1%, seguida do breve cun 35,7%.


Todas as noticias están en galego.

4. TELEVISIÓN

A TVG é a canle que máis tempo lle dedica á información cultural en Galicia emitindo o 83,3% dos contidos analizados. Séguelle TVE-Galicia cun 16,7%. Durante os días de análise, Antena 3 TV non emitiu ningunha noticia relacionada coa cultura. Hai que ter en conta que as dúas primeiras

canles emiten dous informativos ó día (ó mediodía e pola tarde) e Antena 3 TV só conta cunha desconexión territorial de menos de 20 minutos ó mediodía.

Información cultural da televisión na semana por emisora




Fonte: elaboración propia

As noticias analizadas distribúense de xeito equilibrado entre os catro días de análise. Emitíronse cinco noticias cada día da semana, agás o mércores 15 de outubro no que só se emitiron 3.

Ó igual que na radio, as noticias culturais non adoitan ir en titulares. Só un 22,2% aparece no sumario das informacións con maior relevancia. O outro dato que evidencia a pouca importancia dos contidos culturais en televisión é que o 55,5% das noticias teñen unha duración inferior a un minuto.

A literatura é o tema máis frecuente na información televisiva cun 33,3%. Isto débese a que a TVG emite a diario unha crítica literaria no informativo do mediodía. A continuación sitúanse o patrimonio cun 16,7%.

Información cultural na televisión na semana por tema




Fonte: Elaboración propia

A metade das informacións culturais (50%) citan as súas fontes, que aparecen en pantalla facendo declaracións no 44,4% dos casos. A fonte máis habitual deste contido é a denominada como "Individuo", un 27,8%.

Os contidos culturais preséntanse nos telexornais baixo o formato de noticia cunha porcentaxe do 50%, as colas cun 27,8% e a crítica cun 22,2%. Cómpre salientar a presenza da crítica, único xénero interpretativo presente nesta análise debido ó microespacio dedicado á literatura da TVG mencionado con anterioridade.

Información cultural da televisión na semana por xénero



Fonte: elaboración propia

Galicia aparece como primeiro ámbito de referencia cun 77,8% das informacións. Séguelle Internacional co 11,1%.

Ó non ter recollida ningunha noticia de Antena 3 TV, todas as informacións están en galego.

CONCLUSIÓN

Á hora de valorar os resultados, cómpre especificar que a pesar das diferencias nos campos analizados na base de datos, os dous estudos seguen as mesmas pautas polo que se poden tirar conclusións xerais para ámbolos dous. Os seguintes puntos amosan o papel que xoga a Cultura no contexto da información diaria en Galicia:

- Os medios de comunicación galegos enfocan a Cultura preferentemente como Ocio ou como Espectáculo, polo que se pode afirmar que non desenvolve un papel preponderante no discurso xornalístico galego. Este concepto aparece case sempre vinculado a actividades de lecer como ler un libro, ir ó cine, ó teatro ou a un concerto. Este é un dos motivos polo que a maior parte dos suplementos dos xornais se publican na fin de semana, aumentando así o número de noticias culturais.
- A diminución dos programas informativos para Galicia das cadeas estatais durante a fin de semana, repercute lxicamente na diminución dos contidos culturais. O sábado e o domingo só emiten para Galicia a TVG, a Radio Galega, a Cadena SER e a COPE (só informativo do mediodía).
- O medio é moi poucas veces o impulsor da noticia. A maioría das noticias pertencen a actos de axenda: actividades programadas por algunha organización e que o medio de comunicación simplemente transcribe. Moitas noticias son recompilacións de informacións ofrecidas en roldas ou notas de prensa. Tamén é considerable o número de información que proceden de actos programados (estreas cinematográficas, exposicións, representacións teatrais, concertos,...) que o medio anuncia ou lles fai crítica.
- Pouco relevante. A maioría non supera o 25% do espazo da páxina e en poucas ocasións chega a portada. Nos medios audiovisuais sitúase ó final dos informativos e adoita ir detrás da información política e económica. Se ben os medios impresos recollen maior número de noticias culturais, á radio e á televisión só chegan as de maior transcendencia informativa.
- Predominio da información cultural local. A maior parte dos xornais galegos están destinados a un público dun área xeográfica concreta (p.ex.: Diario de Arousa) polo que a maioría das noticias atópanse nas páxinas dedicadas á información local.
- Cultura vinculada á información, non á interpretación nin á crítica. O 68% dos contidos preséntase baixo o xénero de noticia ou de breve. Preséntase a realidade sen chegar a afondar nela e sen deixar espazo á opinión ou o debate. A sección de Opinión representa só un 2,5% do total de rexistros analizados, polo que se pode afirmar que os temas

relacionados coa cultura teñen pouca presenza nestas páxinas, dándosele maior relevancia a temas susceptibles de crear debate como, por exemplo, a política ou a economía.

- A información cultural caracterízase pola falla de contraste a través da consulta de fontes e a pouca profundidade no tratamento dos contidos. A metade das informacións, tanto da prensa como dos medios audiovisuais non citan nin sequera unha fonte. Das noticias que si a posúen, só un 19% ofrecen máis dun punto de vista.
- A cultura entra a formar parte do discurso mediático cando está de actualidade.
- Cultura ligada ó castelán na prensa escrita e ó galego nos medios audiovisuais. Dos trece xornais analizados, só dous están escritos integramente en galego (Galicia Hoxe e A Nosa Terra) e o resto publica en castelán o 84% das noticias. Pola contra, nos medios audiovisuais a lingua preferente de emisión é o galego. Só emiten en castelán Antena 3 TV-Galicia, a Cadena SER e a COPE o informativo de mediodía.